

Lucí Merece Máis!



Eloi Devesa,
candidato á Alcaldía

Carme María Rivas,
candidata de Lucí

Lucí

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, desde o BNG queremos **implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Lucí

- ▶ Prestaremos especial atención ao coidado, asfaltado, drenaxe e mantemento das pistas e camiños (do camiño de Campelo ao Lugar de Chaves, de Lucí a Oza, de Pite a Olveira).
- ▶ Atenderemos á humanización de determinados espazos nos lugares de Chaves, Paredes, Pite e A Ramallosa; estudando a posibilidade de sentidos únicos nas vías, melloras na sinalización ou cambio dos vieiros que non teñen saída. Tamén tentaremos conseguir un semáforo de pulsador e un paso peonil para a zona da piscina, na Ramallosa.
- ▶ Investiremos na conservación de espazos públicos como o campo da festa de Lucí, a marquesiña de Pite e , na Ramallosa, o pavillón, o colexio, a rúa de Catalunya e a Praza dos Encontros, na que é preciso diversificar o parque.
- ▶ Investiremos en novos soportes para anuncios municipais en Chaves, na Igrexa de Lucí, en Paredes e na Praza dos Encontros.
- ▶ Promoveremos un proxecto para mellorar o impacto ambiental que provocan a ponte da autovía e as pistas de servizo laterais, en Lucí e Chaves.

Máis Concellos BNG!

► Promoveremos o acondicionamento dos antigos camiños de monte da Ramallosa a Setelo e á Florida; así como a canalización do río baixo a autovía, en Lucí. Perseguindo con estas accións a posta en valor dos elementos culturais e naturais da parroquia. Neste sentido, actuaremos tamén no castro de Lucí, nos lavadoiros de Paredes, Pite, Chaves e A Ramallosa, onde tamén actuaremos no cruceiro e nesa rúa.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante** para que **Lucí avance** con Teo.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

LUCÍ